MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA (1 para 1)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 15/09/2021
HASH: 0954294db0228337de6e2dcd617a6bc0

Expediente municipal: 7924/2021
Asunto: alegacións ao Anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Augas de Galicia comunicou a este Concello a apertura dun trámite de audiencia de 15 días hábiles respecto do Anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga. Este prazo foi ampliado posteriormente ata o 15 de setembro de 2021, tal como consta no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia, no apartado de normativa en tramitación[1]:

> Órgano ou entidade tramitadora: Secretaría Xeral Técnica
>
> Departamento: Consellería de Infraestruturas e Movilidad - Segregaría Xeral Técnica
>
> Inicio da tramitación: 23/07/2021
>
> Obxecto: o establecemento dun marco normativo que regule a política da xestión do ciclo integral da auga na comunidade autónoma de Galicia
>
> Estado actual: en prazo de envío de suxerencias
>
> Prazo para remitir suxerencias: 23/07/2021 - 15/09/2021

Unha vez que se analizou o borrador do anteproxecto, **formúlanse as seguintes ALEGACIÓNS:**

O Anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga atribúe aos concellos novas obrigas e competencias ao delimitar cando será titular das infraestruturas -incluso supramunicipais- e en que medida contribuirá ao seu financiamento, ou cando será suxeito pasivo dos novos canons (arts. 2, 7, 24, 64 e Disposición Final 1ª do Anteproxecto). Respecto das infraestruturas os custes que pode asumir un Concello poderían ser moi elevados e impedir o desenvolvemento normal doutros servizos. O feito de que se atribúa a titularidade aos Concellos pode ser unha trampa da que dificilmente se pode escapar cando conleva que teñan que asumirse obrigas económicas moi elevadas en canto a súa creación e mantemento.

Respecto das Comunidades de Augas Veciñais, segundo o establecido o artigo 24.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, os concellos teñen a competencia de abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais. Do mesmo xeito cabe sinalar que a lexislación de augas esteblece que o dereito ao uso privativo das augas adquírese por disposición legal ou por concesión adminitrativa. (Art. 52 TRLA e 83 do RDPH). En

1 https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0556/anteproyecto-ley-mejora-gestion-del-ciclo-integral-del-agua

Cod. Validación: 5XHTZZNT69ZPKMSHFN9A9AX4T | Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4

todo caso, as concesións poden ser destinadas ao abastecemento municipal ou á unha CCUU, sendo en ámbolos dous casos formas de abastecemento permitidas na lexislación hidráulica e na LRBRL. Polo exposto, e visto que no concello existen numerosas traídas veciñais considérase que no anteproxecto de Lei debería contemplarse esta forma de abastecemento e as súas infraestruturas. Deste xeito, no artigo 20 deberíase facer mención además das infraestruturas de titularidade das entidades locais, ás das CCUU existentes no municipio e establecer a posibilidade de realizar convenios de cara a mellora do servizo destas últimas.

Respecto dos canons, a desaparición do canon de vertedura e a creación dos canons de xestión de depuradoras e de rede de colectores **supoñen un incremento** no recibo dos usos domésticos e asimilados a domésticos, e no uso de actividades. A súa vez, o canon da auga non desaparece o que derivará en que o recibo da taxa por abastecemento de auga se incremente notablemente. A maiores de todo isto, o anteproxecto establece o canon de xestión de abastecemento pola prestación por Augas de Galicia do servizo de subministro en ALTA de auga, no que o suxeito pasivo son as entidades locais. Tolo elo supón que se pretendan aprobar novas cargas financeiras das que non se aporta ningún estudo ou memoria económico-financeira que analice o impacto que terá nas arcas locais.

O artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) sinala que as competencias das Entidades Locais son propias ou atribuídas por delegación. **As competencias propias dos Municipios**, as Provincias, as Illas e demais Entidades Locais territoriais só poderán ser determinadas por Lei e exércense en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade, **atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais Administracións Públicas. As Entidades Locais só poderán exercer competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda municipal,** de acordo cos requirimentos da **lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira** e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración Pública.

O artigo 25 da LRBRL referido ás competencias propias, dispón que cando o lexislador sectorial llas atribúa, deben determinarse por Lei debendo avaliar a conveniencia da implantación de servizos locais conforme aos **principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira.** A Lei **deberá ir acompañada dunha memoria económica que reflicta o impacto sobre os recursos financeiros das Administracións Públicas afectadas** e o cumprimento dos principios de estabilidade, sustentabilidade financeira e eficiencia do servizo ou a actividade. A **Lei debe prever a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das Entidades Locais sen que iso poida conlevar, en ningún caso, un maior gasto das Administracións Públicas.**

Cod. Validación: 5XHTZZNT69ZPKMSHFN9A9AX4T | Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 4

No mesmo senso, o artigo 1 da Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, dispón que as leis autonómicas que regulen as materias en que, de acordo coa distribución constitucional de competencias, corresponda a súa regulación á Comunidade Autónoma de Galicia e atribúan novas competencias aos municipios conforme o establecido no artigo 2.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **deberán, de acordo co establecido no artigo 25.3 da indicada norma, avaliar a conveniencia da implantación de servizos locais conforme aos principios de descentralización, eficiencia, estabilidade e sustentabilidade financeira. Para estes efectos, os anteproxectos das leis a que se refire o apartado anterior deberán ir acompañados dunha memoria económica elaborada pola consellería competente por razón da materia na cal se reflicta o impacto da nova atribución de competencias sobre os recursos financeiros das administracións públicas afectadas e o cumprimento dos principios de estabilidade, sustentabilidade financeira e eficiencia do servizo ou a actividade. A lei deberá prever a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais sen que iso poida conlevar, en ningún caso, un maior gasto das administracións públicas.** Os anteproxectos de leis acompañaranse de informes da consellería competente en materia de facenda e da consellería competente en materia de administración local nos cales se analice o cumprimento dos criterios antes apuntados.

E o artigo 5 da Lei 5/2014 antes referida, obriga a que cando existan novas competencias, actividades e servizos avaliarase a sustentabilidade do conxunto da Facenda local, de acordo cos requirimentos da lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. En canto ao concepto de sustentabilidade financeira, observarase o establecido na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria, ou normativa estatal que a substitúa. En particular, entenderase que o exercicio das novas competencias, actividades e servizos pon en risco o conxunto da Facenda local cando a súa realización poida superar a capacidade da entidade local para financiar os seus compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme o establecido na lexislación de estabilidade orzamentaria.

Por todo o exposto, SOLICITAMOS a RETIRADA do anteproxecto porque previamente deberá ir acompañado dunha memoria económica elaborada pola consellería competente por razón da materia na cal se reflicta o impacto da nova atribución de competencias sobre os recursos financeiros das administracións públicas afectadas e o cumprimento dos principios de estabilidade, sustentabilidade financeira e eficiencia do servizo ou a actividade. A lei deberá prever a dotación dos recursos necesarios para asegurar a suficiencia financeira das entidades locais sen que iso poida conlevar, en ningún caso, un maior gasto

Cod. Validación: 5XHTZZNT69ZPKMSHFN9A9AX4T | Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 4

das administracións públicas. Os anteproxectos de leis acompañaranse de informes da consellería competente en materia de facenda e da consellería competente en materia de administración local nos cales se analice o cumprimento dos criterios antes apuntados.

A alcaldesa

María Cristina Fernández Davila

Documento asinado electronicamente

Cod. Validación: 5XHTZZNT69ZPKMSHFN9A9AX4T | Corrección: https://ponteareas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4